



O PORTO DA MOUREIRA E O SAL COMO PRODUTO CLAVE DA SÚA HISTORIA ECONÓMICA

Por: Juan Castiñeiras

O arrabalda Moureira de Pontevedra e o seu porto dedicado á pesca e ao comercio, foron, dende antigo, un dos lugares de maior importancia económica dos pobos peninsulares.

Moita desa importancia veu pola abundancia dos bancos de peixe que existían nas costas atlánticas de Galicia. En declaracións do famoso preito da Confraría de Marcantes de Pontevedra contra Combarro en 1582, dicía o seguinte: *“Con redes de cerco y otros instrumentos permitidos, en quatro meses, de setiembre, octubre, nobiembre e deziembre que es y dura la dicha pesca de sardiña, se pescan ciento treinta mil millares de sardina, proveyendose los reynos de España, León, Castilla, Aragón, Navarra, Portugal, Andalucía, Sevilla, señorío de Biscaya, probincia de Guipúzcoa y Asturias y Galicia. Dentro de dichos quatro meses de cada año, se gastan más de doze mil ducados por la conserbar, salar y llevar de unas partes a otras.*

Que la villa de Pontevedra está encabeçada para las rentas reales en seis millares de ducados cada año por razón de alcabala de su magestad”.

No século XVII, en 1620, nas Memorias do Arcebispado de Santiago, o Cardeal Hoyo, compilaría, por orde de Maximiliano de Austria, o seguinte: *“La gente plebeya es mucha y su trato es mercancia por la mar, principalmente pescaría de sardiña, y es tanta la que se pesca que será cada año, más de 100 millares de ducados de solo la sardina, la que se lleva a Castilla y a la Andalucía, y con esta ay otros pescados, escabeches e cecial seco, que en mucha ventaja excede a todos los demas pueblos de Galicia, y suele tener tanto caudal este ayuntamiento y cofradía que sacan dél para gastos extraordinarios, y para pleitos, y obras, muchas veces cinco y seis millares de ducados, sin sentirlo ni hacerle mella”.*

Así pois Pontevedra é un centro monopolizador da pesca na costa galega e tamén o punto de maior carrexo de mercadorías da costa atlántica peninsular con mercado para a salga de peixe que chegaba a Países Baixos e Inglaterra polo norte, o Mediterráneo ata a península Itálica polo sur e chegando ás Américas polo oeste. Como produtos principais: sardiñas lañadas e viños do Ribeiro, Ullán e do Condado.

Este monopolio do arrabal pontevedrés baséase nunha chea de vantaxes político-xurídicas dende tempos pretéritos. Algúns deles son:

Século XIII : Privilexio real de exclusividade da industria de curar peixe (Privilexio outorgado por Alfonso IX (1229).


Privilexio real para Pontevedra e Noia para a fabricación de graxa de saín de importancia económica para o embreado de velas, cabos, roupa e para conservación de alimento e alumeado. (Outorgado por Alfonso IX e confirmado por Fernando III en 1238).

Século XIV: Privilexio real do imposto de galea ou construción de galeras. (Confirmado por Fernando III en 1308).

Século XV: Privilexio de Pontevedra como porto exclusivo de carga e descarga de mercadorías e produtos do mar. Outorgado por Juan II en 1450. *“Los marineros y grumetes de Pontevedra, como los de Noya, Muros y la Puebla del Deán,*



COLABORA:



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**

armados por los maestros de las naos, en caso de ser condenados a muerte, morirán como hidalgos, salvo en caso de traición". (Otorgada en 1484 por los Reyes Católicos)".

Entre outros privilexios para o monopolo do porto pontevedrés ocorren entre outros o de "dereito de visita" de todos os portos das Rías ata Baiona e as illas atlánticas, para a vixilancia do descanso dominical e prendemento dos barcos e aparellos dos infractores en 1536. A autorización para marear e realizar faenas de pesca en días festivos con fins sociais e benéficos en 1545, segundo refire D. Gaspar deAvalos. Ámbolos outorgados polo Arcebispado santiagués.

Tamén o de pagar ancoraxe en Lisboa para todas as naos dos veciños de Pontevedra outorgada polos rexedores da poboación en 1512, a de que os veciños de Combarro han de salgar, *arencar* e fornecer cercos e sacadas á Moureira, non podendo vender a sardiña senón na vila segundo a Concordia de 1491; a de que os mareantes de Morrazo e Salnés, incluíndo os cotos de Marín e Poio, tiñan a obriga de vender o peixe fresco en Pontevedra, prohibíndolles salgar e resalgar fóra da vila (1506) e a do control gremial dos horarios, artes, dimensións dos barcos e calar aparellos sen que o autorizase a bandeira de sinal da falúa do Gremio de Mareantes (século XVI).

E para toda esa enorme cantidade de peixe precisábanse inxentes cantidades de sal, existindo un comercio increíble entre a vila e outras zonas da península. Dende as costas do Mediterráneo ata os salgares portugueses e ata a produción propia, que resultaba insuficiente.

Así creáronse establecementos en toda a costa galega para facer sal nos veráns tanto dentro como fóra das rías, nas illas atlánticas galegas, caso de Ons que fornecía de sal para curar peixe en Pontevedra.

Durante séculos a demanda de sal viña parella aos conflitos bélicos que se ían producindo nos reinos onde se producía a mesma e que facía flutuar de maneira acusada a produción de produtos elaborados para a súa distribución. Caso da inestabilidade no Mediterráneo polos constantes atrancos e pelexas coa piratería otomán ou mourisca que impedía unha achega constante desta materia prima.

Tamén, como as razóns políticas fixeron que este produto fose moeda de cambio ente o reino español e o portugués xa no século XVIII coa imposición de aranceis sobre a importación de sal portugués por parte española e a de aranceis sobre os peixes españois en Portugal.

Hai que engadir que, aínda sendo importante a produción de moira propia, esta foi atacada por condicións climáticas moi duras entre os anos 1500 e 1650 porque se produciu un fenómeno de cambio climático cun período de baixas temperaturas e choivas torrenciais que impediu o poder fabricar sal nas nosas costas, saír a pescar, e producir produtos para o comercio. O ano 1571 foi un ano de grandes enchentes de auga, nevaradas,... En 1575 foi o Ano da Fame. En 1585 outro ano no que non houbo verán. E continuou ata mediados do século seguinte. Non hai xente para traballar, destrúense as salinas e cégase o río Lérez para o tráfico marítimo mercante regular.

O sal, polo tanto, é un produto ben deseado e necesario. É un produto de conservación vital para a alimentación humana que foi requirido dende sempre na mesma ata hai moi ben pouco pola incorporación de outras técnicas de conservación como a esterilización na conserva e a conxelación.

Dende a conquista romana na que se constrúen salinas nas costas do imperio en Galicia, sempre o sal foi o produto clave para o desenvolvemento das comunidades costeiras na comunidade. Era común en cada casa de mariñeiros que se fixesen píos e maceiros para facer sal e tamén ter unha salgadoira con prensa para salgar o peixe e extraerlle o saín, tan valioso.

Quedan poucas reliquias, case que achados arqueolóxicos nalgunhas das poucas construcións que aínda hai na comunidade. Compre protexelas, compre volver a fabricar o sal da mellor calidade que hai no planeta.

Por que non, Sal de Ons, en lugar de Sal Maldón?

Documentación: Gremio de Mareantes e Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

